



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARBALLO

*Expediente investigación de parcela*

##### ANUNCIO

EXPEDIENTE TeDEC: 2023/X999/000301.

O Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o 28/10/2024 acordou a incoación dun expediente de investigación relativo á superficie que figura entre o linde Este da parcela catastral 5250621NH2854N e a rúa Vázquez de Parga, a cal figura actualmente inscrita no Inventario Municipal.

A superficie obxecto deste expediente descríbese no informe técnico asinado polo arquitecto municipal en xaneiro do 2023 do seguinte xeito:

*...franxa de terreo situada entre a beirarrúa da rúa Vázquez de Parga e a parcela con referencia catastral 5250621NH2854N, que corresponde á antiga estación de trolebuses....*

Publícase a incoación deste expediente relativo ó ben descrito no parágrafo anterior no BOP, no taboleiro de anuncios e no taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Carballo, sometendo o expediente a un período de información pública, por **prazo de 15 días hábiles**.

No prazo **dun mes**, contado a partir do día seguinte ó que termina o período de información pública, poderán as persoas afectadas polo expediente, alegar por escrito canto estimen conveniente ó seu dereito ante a Corporación, acompañando tódolos documentos en que funden as súas alegacións.

Carballo, 29 de outubro do 2024

O ALCALDE

Evencio Ferrero Rodríguez

2024/7654